




Montamos o grupo no Instituto e grazas a Ana, unha compañeira, contactou connosco o delegado para Galiza do Festival Celta de Lorient, na Bretaña. E aló fomos. Non sabendo tocar apenas nada, especialmente eu, empezaron a chamarnos de todos os sitios. Ensaíabamos nas pistas, indo cara Penamoa, co mozo de Ana, que mercara unha gaita nunha tenda de música perto da rúa da Franxa. Ese rapaz era Bieito Romero, o hoxe líder de Luar na Lubre. A música abriunos todos os camiños, coma o mar. As músicas galegas non chegaban a Madrid, pero pasaban as fronteiras e chegaban a outros países. Alá dicíamos que eramos galiciennes e mirábonnos con moitísimo interese. Iso resultaba unha grande motivación.

Un. Risco no caderno os nomes míticos. Billo Frómata, Pescaíto Vargas, Antonio María Soteldo, Miguel Lamana, Felipe Pirela, Cheo García. Big-bands de antes de que a salsa conquistase Nova Iorque. E unha Galicola, si. Trazo nomes, debuxos, esquemas, e asumo que me superan as referencias. Déixome levar, desfruto.

Para escribir esta historia precísase que soe de fondo o cedé que me gravaches. Acomódome nun recuncho do centro social e escoito a sección de ventos. Billo's Caracas Boys, "Gaita con Billo". Nelson y Sus Estrellas, "El Porro". Los Satélites, "In the mood". Pucho Boedo e Os Tamara, "Mi tierra gallega".

Ata os dez anos vivín na aldea, e iso foi o primeiro que me marcou. Viñamos á Coruña poucas veces, mais cada vez que viña sentía o impacto desa outra realidade, urbana, complexa, moi viva, e sobre todo do mar, da inmensidade do mar. A Coruña é unha rocha chantada no mar. Ese feito de ter sido un neno do rural foi o primeiro impacto.

Para escribir esta historia precísase música sen concesións, a navalla afiada contra os tempos, a paixón dos amores cando adolescentes. E unha cervexa cos amigos. Anoto os nomes das referencias: de onde viña cadaquén no grupo, cales eran as fontes. Atila, Los Chunguitos, The Pogues, Flaco Jiménez. E tamén Los Carayos, Negu Gorriak, Mano Negra. Esa riqueza de sons, esa falta de prexuizos.

Este non é un relato, non o leades como tal. Védeme como estou, aquí sentado, tomando notas para escribir -cando saiba- este relato, tomando notas mentres escoito músicas suxestivas que me levan ás palabras necesarias para contarvos isto, para falarvos desta historia e desta vida. Subliño a frase *descubrir ao avó* e tiro desde ela frechas: orixe, río, mans aradas pola vida no Porto da Area, clarinete mercado cos cartos enviados polo medio irmán de NYC. Para cosmopolitas, nós.

De aí nace unha historia, dese clarinete medra unha vida e nace un mundo que chega ata hoxe. Pasa pola música de Canosa de Dorneda e polos Satélites. Cruza océanos e visita capitais de nome tropical. Atravesas xeracións e infecta feliz a sensibilidade do neto, que entende, goza, pensa, imaxina, baila. Todo tería sido diferente sen ese clarinete. Subliño esa idea de protagonismo e derivo novas relacións. Os bailes da discoteca do Centro Galego de Nova Iorque, feita a semellanza da Perla de Mera. Pucho Boedo no Ventorrillo. E outras máis, que dan para unha novela.

Cóntasme e entusiasmas, percorres o mundo. A potencia do mundo, en Recemel, en Morouzos, no Berbés, na Furna das Meigas, en Manhattan, en Lorient, en Chantada, en Monte Alto. Paso folla e marco un 2, rodeado cun círculo vermello. E penso en Rosalía: *Ánimo, compañeiros / Toda a terra é dos homes. / Aquel que non veu nunca máis que a propia / a iñorancia o consome*. E penso nas músicas inmigrantes da rúa Barcelona, na ferida do que é forzoso, na morriña da crianza polo lugar onde se criou.

Marés de rapaces e rapazas baixaban cara Zalaeta, era unha intensidade marabillosa aquel barrio en plenitude, aquela enerxía. Os tempos do Instituto foron tamén tempos de descuberta: a contorna. Unha profesora de Ciencias Naturais puxéranos a buscar pedras. E nós démonos aos espazos que nos rodeaban. A Cova das Lapas, a praia do Areal, San Amaro, a Rúa da Torre, a imensidade, a presenza do mar.

O mar
é.

Un mariñeiro díxome un día en Abelleira, Muros, desde a boca que termaba dun ducados e sentenciaba sen gravidade: "O mar é daqueles que lle entran dentro". Camiño, familiares da outra beira, músicas que chegan e quedan para sempre, morte, gloria e traballo, épica do cotiá e lírica *De amor e desamor*, atlantismo céltico, *La Naval*, Lois Pereiro no Moka, A Coruña. Nomes que se mesturan no caderno e se entrecruzan nas anotacións.

Mais primeiro que o mar, xa o dixemos, foi a aldea. O pouso da aldea, Virxilio, o cheiro e o sabor e o tacto da terra mollada, preñada, ébria. A infancia é esa aldea.

Decátome das relacións que conforman o círculo e debuxo o círculo. As dimensións mutables das tomas de terra, do que nos mantivo pegados ao que somos e nos constrúe como somos: o rural da xente humilde, o mar da xente humilde, a educación da xente humilde, o traballo da xente humilde, as músicas das xentes humildes. A historia da xente, do pobo. A intrahistoria.

Algo que me marcou moito foi un día no que, sendo eu un rapaz, cheguei á rúa Washington, a derradeira travesa da Avenida de Hércules, e nun local vin unha actividade frenética, xente intensa traballando moi animosa. Era a xente da Asociación de Veciños, feliz por poder organizarse, con ánimo para mudar o barrio entre todos. A aspiración máxima que tiñan era montar unha Biblioteca, e para conseguilo organizaran un concerto de Fuxan Os Ventos. Fomos e despois daquel concerto decidimos que tiñamos que montar un grupo.

Eu son gaiteiro. Un repoludo gaiteiro. Frigorista. Érgome nas rúas mexadas de luces verdes e vermellas, nas costas molladas da invernía, cara as fábricas de frío. Reparto paquetes no furgón, desde os polígonos ás tendas. Sirvo viños e tapas en todas cafetarías da cidade. Son panadeiro, heavy. Teño os ollos cansos cada mañá e gústame sentir chover, ás escuras, metido na cama contigo. Síntome culpable na resaca e escribo en papeis desde esta esquina do centro social. A vida en arrepíos, o parto doloroso do que ha de vir, unha trompeta na néboa pola Xesta, o cheiro de Meicende, a violencia azul dos teus ollos cando me miran. Orgullo e humildade de clase. E ti?

O 3 noutro círculo vermello. Brais, como levas o texto ese? Vai indo, a ver, respondo. Trazos e liñas, anotacións, debuxos, no caderno de pel de coiro. Esta historia, xa cho dixen, ten banda sonora para sentila. Non hai nada que ler, hai que abrir o corazón coas dúas mans e sentir o latexo acompasado ao ritmo da emoción. Pídeme aí na barra un café con leite. E escoita.

Montamos o grupo no Instituto e grazas a Ana, unha compañeira, contactou connosco o delegado para Galiza do Festival Celta de Lorient, na Bretaña. E aló fomos. Non sabendo tocar apenas nada, especialmente eu, empezaron a chamarnos de todos os sitios. Ensaíábamos nas pistas, indo cara Penamoa, co mozo de Ana, que mercara unha gaita nunha tenda de música perto da rúa da Franxa. Ese rapaz era Bieito Romero, o hoxe líder de Luar na Lubre. A música abriunos todos os camiños, coma o mar. As músicas galegas non chegaban a Madrid, pero pasaban as fronteiras e chegaban a outros países. Alá dicíamos que eramos galiciennes e mirábanos con moitísimo interese. Iso resultaba unha grande motivación.

Labregos do Tempo dos Sputniks. O que? Labregos do Tempo do Sputniks. Gústache? Hoxe a rapazada non sabe o que eran os Sputniks, nin sabe de Fuxan Os Ventos, nin ollou mozotes de pelo curto e traxeados bailando rocksteady, calcetíns brancos sobre a herba verde dos campos de Inglaterra. Nin a Europa campesiña de Ferrín, de Manuel María, de John Berger. Saben, saben. E se non o saben búscano no google e tamén o aprenden. Curiosidade polo que pasa ao redor, esa é a actitude. E saber quen somos, e quen queremos ser.

*Cando cheguei a Santiago xa me empecei a cansar un pouco do folk e buscaba outros mundos e outras estéticas. Chamoume un amigo da Coruña que estaba tamén en Compostela, Xesús Ron, que estaba a organizar unhas xornadas vinculadas á Universidade. Eu participei delas cunha conferencia sobre a música galaico-tropical. Era unha forma de achegarme á historia de meu avó, e ademais eu naquela altura estaba moi metido na música tropical tamén a través dun meu compañeiro de piso, Alfonso Pato, que como bo coruñés naceu en Venezuela. Lembro perfectamente estar traducindo a Heródoto e escoitando de fonfo aos Billo's Caracas Boys. Na miña tese, coa que participei naquelas xornadas, o que expuña era como son as festas da aldea relacionándoas co texto **A orixe da traxedia clásica**, de Nietzsche. Pode parecer un delirio, pero era buscado, claro. A mestura da alta cultura e da cultura popular, unidas polo común: a emoción. A partir de aí veu todo o resto: Carlos Blanco chamoume para comezar a colaborar na Radio Galega, traballei no Fiadeiro, fixen unha radionovela (Indiana Jones en Compostela), creei o dos Frigoristas.. E unha cousa foi levando a outra. A radio, a televisión, a música, as historias da nosa xente.*

Dobro o caderno pola metade, anoto un 4 en vermello, remato a consumición. Teño notas e notas, pero hai que lles dar forma. Haberá que ver como o logramos. Soa, no Centro Social Elvira Bao, a música dun francés con pai de Vilalba, Manu Chao. E a de Sés. E a do Sonoro Maxín. E a de The Clash. Deito a cabeza cara a parede e respiro. E anoto dous nomes.

- Castelao: *Estamos fartos d-esa cultura esterelizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías legais para o desenvolvemento natural do noso espírito, porque queremos volver a presentarnos diñamente no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (sabiduría manifestada) para ofrendarlllo ao acervo espiritual da Humanidade.*
- Miguel Torga: *O universal é o local sen paredes.*

Pecho o caderno. Brais, marcho. OK. Como foi? Foi indo. Levo notas para a ver se dou escrito o relato. Ha de ir ben. Supoño, si. Trátase de suxestionar, que resulte interesante, que esperte a curiosidade. A ver se o consigo. Moi ben. Vémonos á noite? Non creo, mañá curro moi cedo, e teño cousas que preparar. Veña logo, chao! Chao.

O frío corta na cara e vou entusiasmado.

